

ANUNCIO

Bases reguladoras para a contratación laboral do alumnado traballador e do persoal do Obradoiro de Emprego Tahume X.

Por Decreto da Alcaldía de data 23/10/2024 resolveuse aprobar as bases que a continuación se transcriben para a **contratación laboral do alumnado traballador e do persoal docente e administrativo de apoio do Obradoiro de Emprego Tahume X (1 mestre para a especialidade de “Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)” e 1 auxiliar administrativo)”**.

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO TRABALLADOR E DO PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TAHUME X”

O obradoiro dual de emprego “TAHUME X” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e promovido polo **Concello de Ribeira xunto co Concello de Porto do Son**.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- “Traballos de Carpintería e moble (MAMD0209)”: 10 alumnos
- “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)”: 10 alumnos

A distribución por concellos é a seguinte:

- **Concello de Porto do Son: 10 alumnos/as**
- **Concello de Ribeira: 10 alumnos/as**

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- 1.- Mantemento das pasarelas de madeira na praia de Coira, Portosín - Porto do Son.
- 2.- Reparación do peche de madeira do parque infantil da Casa da Cultura de Caamaño - Porto do Son.
- 3.- Instalación dun peche no parque infantil de Nebra - Porto do Son.
- 4.- Mellora da masa arbórea existente e creación de outras en zonas desarboradas acorde á súa calidade de estación na Parroquia de Miñortos - Porto do Son.
- 5.- Mellora da masa arbórea existente e creación de outras en zonas desarboradas acorde á súa calidade de estación no lugar de Trapa, Parroquia de Goiáns - Porto do Son.
- 6.- Mellora da masa arbórea existente e creación de outras en zonas desarboradas acorde á súa calidade de estación no lugar de Coira, na Parroquia de Goiáns - Porto do Son.
- 7.- Mellora da masa arbórea existente e creación de outras en zonas desarboradas acorde á súa calidade de estación no lugar de Arnela, Parroquia de Baroña - Porto do Son.
- 8.- Mellora da masa arbórea existente e creación de outras en zonas desarboradas acorde á súa calidade de estación no lugar de Castro, Parroquia de Baroña - Porto do Son.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



- 9.- Mellora da masa arbórea no lugar de Xan Pasal, Parroquia de Queiruga - Porto do Son.
- 10.- Mellora da masa arbórea no lugar de Madalena, Parroquia de Ribasieira - Porto do Son.
- 11.- Mellora da masa arbórea no lugar de Ponte medieval, Parroquia de Xuño - Porto do Son.
- 12.- Pasarela de madeira do campo de fútbol Carreiro . Aguiño – Ribeira.
- 13.- Renovación dos accesos á pasarela da praia do Castro en Areeiros (Castiñeiras) – Ribeira.
- 14.- Reconstrucción de pontes no río Listres – Ribeira.
- 15.- Restauración de bancos de madeira na praia do Castro - Ribeira
- 16.- Actividades auxiliares en conservación e mellora do Monte de San Roque e río Pedrín – Ribeira

O obradoiro dual de emprego terá unha duración de **9 meses** e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación en alternancia tal e como establece o artigo 13 da Orde do 7 de febreiro de 2024 (DOG número 38 do 22/02/2024), no que se dispón que: “O alumnado seleccionado será contratado pola entidade promotora desde a súa incorporación ao proxecto, a través da modalidade do contrato de traballo de formación en alternancia. De acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, a estes contratos non lles será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do dito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.”

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **Persoal que se contrata acolléndose ao artigo 12.1 da orde do 7 de febreiro de 2024 reguladora dos Obradoiros duais de emprego (“(...) As entidades promotoras poderán propoñer a continuidade do persoal contratado anteriormente noutros proxectos xestionados por aquela, incluídos os que adquiriran a condición de fixos de plantilla ou contratados indefinidos das entidades beneficiarias segundo o establecido no artigo 34.2 do Real decreto 818/2021, que regula os programas comúns de activación para o emprego do SNE):** 1 director/a a xornada completa, 1 mestre para a especialidades de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)” a xornada completa e 1 titor/a que tamén fará funcións de mestre de educación básica e funcións de mestre de formación en xestión empresarial, ao 75% da xornada.
No caso de que haxa algunha vacante entre este persoal procederase da seguinte maneira: para levar a cabo o procedemento de selección presentarase as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de emprego de Galicia, na súa oficina de Boiro e tamén se poderá empregar a convocatoria pública ou ambas.
- **1 mestre para a especialidade de “Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)”.**
- **1 auxiliar administrativo, a xornada completa.**

1. GRUPO DE TRABAJO:

O grupo de traballo estará formado por catro persoas, dúas do Concello de Ribeira e dúas do Concello de Porto do Son. Estas persoas teñen que ser nomeadas polo respectivos concellos.



A presidencia deste grupo de traballo recaerá nunha das persoas do Concello de Ribeira o secretario/a do grupo recaerá nunha das persoas do Concello de Porto do Son

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

O presente proxecto terá como data límite para o seu inicio, o 02/12/2024, segundo se establece na resolución de concesión de subvención de data 19/08/2024 que tivo entrada no Concello de Ribeira o 20/08/2024, con número de rexistro de entrada 202420805.

Incidencias e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas pola entidade promotora a cal poderá delegar no grupo de traballo.

Este grupo de traballo será quen de determinar as cuestións que sexan necesarias para o correcto funcionamento deste e decidirá sobre aqueles aspectos que sexan precisos na relación co servizo Público de Emprego de Galicia para a consecución dos obxectivos do proceso como poden ser o establecemento das datas de realización das sondaxes, realización das entrevistas e presentación da documentación xustificativa dos méritos,...

2. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

Sistema de selección: Oferta tipo T (taller de Emprego).

Localidade: Ámbito dos **Concellos de Ribeira e Porto do Son**. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego e que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11 da Orde do 7 de febreiro de 2024, (DOG núm. 38, do 22 de febreiro de 2024), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán estar en posesión da formación necesaria para a obtención de certificados de profesionalidade do seguinte nivel de cualificación:

- Nivel 1: “Trabalos de carpintería e moble (MAMD0209)”
- Nivel 1: “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)”

Terase en conta se a persoa candidata participou con anterioridade noutro programa ou obradoiro de emprego, xa que non poderá optar á selección para recibir formación nin no mesmo certificado profesional nin noutro da mesma familia, excepto que o certificado a cursar sexa de nivel superior.

Terán preferencia as persoas que nunca participaran nun obradoiro dual ou programa de emprego nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores, segundo o Anexo que se achega de baremo de selección do alumnado dos obradoiros de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo, e o mínimo será, se é posible, de 100 (5 por praza). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes:

320: Escolar taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Boiro**, para proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo de traballo.

A selección definitiva dos/as 20alumnos/as e a súa distribución por especialidades, de ser o caso, será efectuada polo grupo de traballo que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais dos candidatos remitidos pola oficina de emprego (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde) e unha entrevista persoal, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- Non ter participado nunca nun obradoiro de emprego, escola obradoiro, ou programa de emprego de garantía xuvenil.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



- A menor cualificación profesional
- Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego dende a última inscrición na oficina de emprego.
- A persoa de maior idade
- Por último, o desempate realizarase mediante sorteo público.

Convocatoria das probas: Unha vez se teña a listaxe das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego, o grupo de traballo encargárase de comunicarlles ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación e o calendario das probas de selección.

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

O grupo de traballo poderá optar por substituír a entrevista persoal por un procedemento de selección consistente nunha reunión na que serán citadas as persoas candidatas preseleccionadas, para seren sometidas a un cuestionario previamente aprobado polo grupo de traballo.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo para o comezo do Obradoiro, este prazo de reclamacións será de tres días hábiles como máximo.

Puntuacións finais. Contratación como alumnos/as-traballadores/as:

Unha vez que remate o proceso, a entidade promotora establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a pola entidade promotora. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Boiro e dos concellos de Ribeira e Porto do Son, así como nas súas páxinas webs.

3- PROCEDIMENTO SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

Convocatoria: para levar a cabo o procedemento de selección do persoal docente e administrativo de apoio presentarase as correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de emprego de



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



Galicia, na súa oficina de Boiro e tamén se poderá empregar a convocatoria pública xunto coa oferta de emprego, dalgunha ou de todas as prazas se o grupo de traballo así o considera.

O grupo de traballo informará á antedita oficina de emprego tanto da forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos méritos coma de realización da entrevista.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego, como demandantes de emprego e terán preferencias as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.5).

O grupo de traballo determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os **Concellos de Ribeira e Porto do Son**, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente, aos concellos limítrofes ou a outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence o concello promotor** e de ser necesario, a toda a provincia.

Convocatoria das probas: unha vez realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará as persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida chegar máis tarde); tamén se lle indicará ás persoas candidatas o lugar e hora na que terá lugar a entrevista.

No caso de realizar convocatoria pública publicarase no taboleiro de anuncios dos Concellos (sede electrónica) e nas súas páxinas web a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida chegar máis tarde); tamén se lle indicará ás persoas candidatas o lugar e hora na que terá lugar a entrevista.

As persoas que non se presenten ás distintas fases do proceso quedarán excluídas deste.

Fases do procedemento selectivo:

1) Entrevista

Realizarase en primeiro lugar e faranse públicas as puntuacións nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Ribeira e Porto do Son e nos sitios webs municipais, www.ribeira.gal e www.portodoson.gal.

Esta fase non é eliminatória, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten.

Consistirá nunha entrevista individual na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



De non presentarse á entrevista un número mínimo de 3 candidatos/as por posto o grupo de selección poderá, se o considera necesario, ampliar a sondaxe de oferta para que se poidan presentar máis candidatos, quedando a publicación da puntuación da entrevista dos/as candidatos/as presentados en suspenso ata que se fagan as novas entrevistas e publicaríanse as puntuacións provisionais todas xuntas.

2) Valoración de méritos

Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo se indica no Anexo I. Faranse públicas as puntuacións nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Ribeira e Porto do Son e nos sitios webs municipais, www.ribeira.gal e www.portodoson.gal.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e/ou experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados do programa ou obradoiro de emprego debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo para o comezo do Obradoiro, este prazo de reclamacións será de tres días hábiles como máximo.

Criteria para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade

Puntuacións finais e contratación:

Rematada a derradeira fase, a entidade promotora, a proposta do grupo de traballo, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.



FIRMANTE - FECHA



As ditas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento selectivo e determinarán a prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

Publicacións e/ou notificacións:

O grupo de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Boiro e dos concellos de Ribeira e Porto do Son, así como nas súas páxinas webs.

En Ribeira, á data da sinatura dixital

O Alcalde,

Luis Antonio Perez Barral.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO PERSOAL

BAREMO PARA A SELECCIÓN DO MESTRE PARA A ESPECIALIDADE DE TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE” (MAMD0209)”.

FUNCIÓNS:

A persoa candidata seleccionada encargarse de impartir a educación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as. Será contratado a xornada completa.

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

- Titulación: Técnico en carpintería e moble, Técnico en Instalación e amoblamento, Técnico en procesado e Transformación da madeira, Técnico superior en Deseño e amoblamento, certificado de profesionalidade de nivel 2 e 3 da área Profesional de Producción carpintería e moble da familia profesional de Madeira, Moble e Corcho ou ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir.
- Acreditar a posesión do certificado profesional de habilitación para a docencia, de acordo co previsto no artigo 168 do RD 659/2023, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

O ámbito da sondaxe serán os Concello de Ribeira e Porto do Son, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente da seguinte maneira: aos concellos limítrofes,



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::

2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



posteriormente a outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence o concello promotor e de ser necesario, a toda a provincia e a Comunidade Autónoma.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:

- Doutoramento: 1.25 puntos
- Máster universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Posgrado, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos
- Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional, por conta propia o conta allea: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é **de 8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 49 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 50 ata 99 horas lectivas: 0,20 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos,... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é **de 1 punto**.



Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P, ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de **1 punto**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán asque obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os “Criterios para dirimir os posibles empates entre puntuacións das persoas candidatas”.

DOCUMENTACIÓN :

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.
- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Traxallo por conta allea: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral
 - ✓ Traballadores autónomos: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social



no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificárase o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral

Unha vez seleccionados os candidatos a estes postos de docentes das especialidades a impartir, a entidade promotora enviaralle os curriculums xustificados dos dous docentes a contratar, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a súa validación. No caso que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade non valide aos docentes propostos, propoñeráse a contratación da persoa que quedara en segundo lugar e así sucesivamente, no caso de non haber máis candidatos terase que realizar un novo proceso de selección.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL



BAREMO PARA A SELECCION DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

FUNCIÓNS:

O/A candidato/a seleccionado/a encargarse das tarefas administrativas do obradoiro, colaborando co director/a en todo canto lle sexa encomendado dentro do ámbito das súas competencias, en particular:

- Levar a contabilidade, arquivo de documentación.
- Realizar xestións telefónicas e supervisar a recepción de chamadas e a notificación das mesmas ás persoas interesadas.
- Actualizar e controlar o material de oficina e de docencia, así como a realización de inventarios.
- Asistir ás reunións, elaborando as actas e encargándose da documentación que se derive destas.
- Organizar o traballo de documentación e fotocopiado
- Supervisar a entrada e saída de correspondencia e documentación, a súa distribución e redacción.
- Cubrir os formularios e demais documentación a solicitude da Xefatura Territorial e da entidade promotora

Será contratado/a a xornada completa.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación: Técnico de grao medio en xestión administrativa e experiencia mínima de 36 meses nas ocupacións de empregado administrativo en xeral. O ámbito da sondaxe serán os concellos de Ribeira e Porto do Son, ampliándose, no caso de non se obter un número de candidatos/as suficiente da seguinte maneira: aos concellos limítrofes, posteriormente a outros concellos do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertence o concello promotor e de ser necesario, a toda a provincia e a Comunidade Autónoma.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:

Titulación académica:

- Título de técnico/a de outra rama relacionada ou o seu equivalente: **0,50 punto**
- Título de técnico/a superior da rama administrativa ou relacionada, ou o seu equivalente: **1 punto**.
- Título de bacharelato: **1,5 puntos**
- Titulación universitaria:(licenciatura, grao ou diplomatura): **2 puntos**

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do aspirante. As titulacións valorables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 5 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **8 puntos**.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 ata 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 50 ata 99 horas lectivas: 0,20 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas; 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos,... non será obxecto de puntuación.

A **puntuación máxima** que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A **puntuación máxima** a obter por este apartado será de alta **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán asque obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate será de aplicación os “Criterios para dirimir os posibles empates entre puntuacións das persoas candidatas”.

DOCUMENTACIÓN :

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou



impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a mesma materia, serán excluídas as de duración inferior.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
 - ✓ Tráballo por conta allea: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, nómina, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo traballado. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral
 - ✓ Tráballadores autónomos: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificárase o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se teñen en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5



BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO

ENTREVISTA

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 11 puntos.

BAREMO:

1.- MULLERES

- As beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero terán prioridade absoluta.
- En xeral0,50 pto.

2.- IDADE

- 18 - 29 anos 3 ptos.
- 30 - 44 anos 1 pto.
- 45 ou máis 2 ptos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía > 33 % 0,50 ptos.

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego 1 pto.
- Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA.... 2 ptos.
- Non perceptores 3 ptos.

5.-TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Menos de 12 meses1 pto.
- De 12 a 18 meses... 2 ptos.
- Máis de 18 meses... 3 ptos.

6.- CATEGORÍA PROFESIONAL (NO TRABALLO INMEDIATAMENTE ANTERIOR SEGUNDO VIDA LABORAL)

- Autónomos 0 ptos.
- Grupo de cotización del 1 al 7 0 ptos.
- Grupo de cotización 8 1 ptos.
- Grupo de cotización 9 2 ptos.



FIRMANTE - FECHA

EXPEDIENTE ::

2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



- Grupo de cotización 10 3 ptos.
- Sen emprego anterior3,75 ptos.

7.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. (Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración, da Consellería de Política Social. (A puntuación dos dous apartados non é acumulable)

1. Perceptores da RISGA e aqueles aos que lles fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido.....2 ptos.
2. Drogodependentes rehabilitados acreditados, ex-reclusos, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores inmigrantes residentes da comunidade, emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda de Administración Autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social1 pto.

8.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado escolar ou equivalente..... 3 ptos.
- Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
- Títulos universitarios e de FP de ciclo superior..... 1 pto.

9.- RESPONSABILIDADES FAMILIARES / UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella)

- Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 pto.
- Monoparental con fillo/s 1 pto.

10.- PARTICIPACIÓN NUN OBRADOIRO DE EMPREGO, ESCOLA OBRADOIRO OU PROGRAMA DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL (con independencia do resultado ou se o rematou o non)

Por non haber participado nun obradoiro de emprego, escola obradoiro ou programa de emprego de garantía xuvenil nas últimas 5 convocatorias (2019 - 2023)7,25 ptos.

11.- OUTROS

Acreditar mediante informe de itinerarios e servizos resumido dunha oficina de emprego ter incluído algúns dos seguintes servizos nun IPI con anterioridade á data de resolución de adjudicación



(19/08/2024): 320: escola taller programas; 330: casa de Oficio; 340: taller de Emprego; 370: Outros program,as de emprego de formación dual.....2 ptos.

Documentación :

Para participar no proceso selectivo deberá figurar na listaxe enviada pola oficina de emprego e presentar a copia do DNI e a documentación relativa a requisitos específicos e méritos; é a seguinte:

- **DNI** (copia)
- **Informe de vida laboral** (para valorar tempo de desemprego, categoría profesional e participación en obradoiros)
- **Xustificante de ser perceptor ou non dunha prestación** (desemprego, subsidio, RAI, PREPARA, ACTIVA)
- **Titulación académica** (se non presenta ningunha documentación a puntuación do apartado será 0 puntos)
- **Informe dos servizos sociais** do concello respectivo ou da traballadora social de pertencer a colectivos en risco de exclusión social
- **Responsabilidades familiares** (libro de familia e certificado de convivencia)
- Xustificante de participación en **IPI**, de ser o caso
- **Xustificante de ter unha discapacidade** igual ou superior ao 33%, de ser o caso; Neste caso tamén terá que presentar un certificado de compatibilidade co posto de traballo da Consellería de Política Social. Si non dispón deste certificado no momento da solicitude podería presentalo máis adiante si sae seleccionado, pero sempre tendo en conta a data de inicio do obradoiro. Si o resultado do citado certificado é NON APTO non poderá participar no Obradoiro.
- **Informe de períodos de inscrición** da oficina de emprego (para dirimir posibles empates)

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. O Alcalde, Luis Antonio Perez Barral.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80015ACCA00K9N0V5Q6O8G5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 23/10/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/10/2024 12:05:52

EXPEDIENTE ::
2024PSEL000032

Fecha: 21/10/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

